



COMUNICADO DE PAULA PRADO DEL RÍO

1. O Servizo de Vixilancia Aduaneira requiriu no día de hoxe documentación referida á actividade profesional do meu marido, allea á vida pública, e que vén desempeñando desde hai case 20 anos. Primeiro, na empresa familiar; e despois, como axente comercial de varias empresas téxtiles.
2. Por suposto, toda a información requirida foi entregada con total transparencia e celeridade.
3. A profesión do meu marido levouno a vender material téxtil por gran cantidade de empresas privadas e públicas.
4. O meu marido, a través da empresa familiar, foi provedor da Xunta de Galicia durante o Goberno bipartito, pero nunca en mandatos do Partido Popular.
5. Así mesmo, recibiu encargos de institucións públicas gobernadas por diferentes partidos políticos durante diferentes etapas, posto que



DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN

a súa actividade sempre estivo á marxe da miña condición de dirixente do Partido Popular.

6. Por suposto, NUNCA intercedín pola súa actividade profesional nin por ningunha das empresas para as que traballou. Por suposto, NUNCA lle realicei pedido algún usando as miñas responsabilidades públicas e NUNCA votei a favor de que ningunha institución na que eu tivese presenza lle solicitase material de ningún tipo.

Ademais, quero utilizar o presente comunicado para aclarar outras dúbidas que puidesen xurdir na opinión pública durante as últimas semanas.

7. Con motivo da investigación xudicial iniciada polo Xulgado de Instrución número 1 de Lugo, fun chamada a declarar en calidade de TESTEMUÑA.
8. A pesar de que o Xulgado xa coñecía o informe sobre a miña persoa realizado por Vixilancia Aduaneira, non só se mantivo esa condición procesual senón que, tras responder a todas e cada unha das preguntas da xuíza, a miña condición de TESTEMUÑA na causa non mudou un ápice.
9. Lamento que se dese a coñecer un informe que arroxaba dúbidas sobre as miñas actuacións como cargo público pero non se trasladase tamén o contido da miña declaración no Xulgado na que aclaro todas e cada unha das cuestións que puideron ser interpretadas dunha forma errónea.



DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN

GALICIA

10. A pesar diso, fun leal ao segredo de sumario decretado no Xulgado e non dei traslado público das declaracións efectuadas pola miña persoa en Lugo, co fin de non vulnerar as obrigacións intrínsecas que teño como testemuña neste procedemento. Sería o máis útil desde un punto de vista político, pero respecto os tempos e os procedementos que segue a Xustiza de forma escrupulosa.
11. Si aproveito para aclarar que nunca na miña vida alterei o prezo dun contrato suscrito cunha institución pública, e por suposto ningún dos referidos no sumario, posto que nin sequera os impulsei, asinei, presupostei, paguei ou informei eu.
12. Tamén quero destacar que en todos os meus cargos públicos que desempeñei e desempeño, por suposto tamén o de concelleira de Santiago, fun, son e serei absolutamente respectuosa coa legalidade e cos intereses dos cidadáns aos que representaba desde o Concello.